

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS, SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SERVIZOS DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Servizo de Medio Ambiente. Nº expediente: 12.941-306.
2. **Obxecto do contrato:** a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo, así como a execución das prestacións relativas á Bandeira Azul que se recollen na cláusula 9 do prego de prescricións técnicas
Lugar de execución: Concello de Vigo.
Prazo de execución: 2 anos. Os servizos prestaranse na tempada do 15 de xuño a 15 de setembro de cada ano. Prórroga: 2, dun ano de duración cada unha
3. **Tramitación e procedemento:** Tramitación: Ordinaria. Procedemento: Aberto.
4. **Presuposto base:** 801.863,92.- euros. IVE a soportar pola Administración: 168.391,42.- euros. Orzamento total: 970.255,34.- euros.
5. **Garantías esixidas:** a) Provisional: non se esixe. b) Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: non se esixe.
6. **Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148 Fax: (986) 226206.
Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
7. **Requisitos específicos do contratista:** a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación



Venres, 23 de febreiro de 2018

Núm. 39

que sexa igual ou superior ao prezo do contrato, ou, no caso de que o contrato se licite por lotes, ao lote ou lotes aos que presenten proposta. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de Ofertas: Prazo: o prazo rematará o día 16 de marzo de 2018.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei n 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica económica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, a 6 de febreiro de 2018.

O concelleiro delegado de Contratación

P. D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:W33S6SBXVUNDRU9Q

